


PLANTA 1.º DO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO

- Sala 25
Localización da sala monográfica de Castelao (debuxos a lapis, tinta e acuarela e gravados)
- Sala 13
Localización dos óleos de Castelao



Sala 25. EXPOSICIÓN TEMPORAL:

- Caricaturas de Castelao de 1914 a 1924. Persoeiros da Literatura galega
- Colección de debuxos de Castelao do Museo Provincial de Lugo nos libros

Organizada polo Dpto. de Belas Artes e a Biblioteca/Arquivo e coordinada pola dirección do MPL



**CASTELAO
NO MUSEO
PROVINCIAL
DE LUGO**

**2016
ANO
CASTELAO**

CASTELAO NO MUSEO PROVINCIAL DE LUGO



O Museo Provincial de Lugo conserva entre os seus fondos unha colección de trinta obras do artista galego Alfonso Daniel Rodríguez Castelao (Rianxo, A Coruña 1886-Bos Aires, Arxentina 1950), exposta integramente ao público. Unha sala monográfica adicada ao artista dende o ano 2010, onde se recollen debuxos, gravados realizados con diversas técnicas e unha acuarela, feitos na súa maioría nos anos vinte do século XX, ubicada na sala 25 da primeira planta e dous óleos sobre cartón, «Asno e gaivotas» e «Paisaxe con castiñeiro», que se poden ver na sala n.º 13 adicada ás Vanguardas Históricas e Arte da posguerra xunto con obras doutros artistas galegos coma Maruja Mallo, Tino Grandío e Colmeiro.

A grande parte destes «deseños», palabra empregada por Castelao para referirse aos seus debuxos, serían publicados en revistas e xornais de gran difusión coma *O Faro de Vigo*, *La Esfera*, ou a *Ilustración Española y Americana*, e están realizados en anaquíños de papeis de diferentes tipos nalgúns

casos reaproveitados polas dúas caras, nos que atopamos influencias da estampa xaponesa, do Realismo e do Expresionismo.

Na iconografía destacan varios exemplos de piedades e cruceiros, realizados a principios dos anos vinte, con fins etnográficos, algúns tomados para o seu traballo *As cruces de pedra na Galiza*, e publicados na revista *Nós* en 1923 e posteriormente en *Cousas* en 1926 e outros realizados durante a viaxe de Castelao á Bretaña coma o estudo de Penmarch que ofrece elementos en común con deseños de *As cruces de pedra na Bretaña*.

A colección do Museo Provincial de Lugo conta tamén con «apuntamentos», algúns realizados nas partes traseiras dos debuxos principais. Destacan os do «Tríptico da Paixón de Jan Mostaert», realizado durante a viaxe de Castelao a Bélxica e tamén bosquejos de estudos de figuras que aparecen no diario *Galicia* de 1924 e de mariñeiros estranxeiros, moi representativos na obra de Castelao.

En ti, Daniel, xenio da nosa xens, que sobardaches tóda-las fisterras para amar, servir e honrar a Galiza, á que tamén honramos nos afervoadamente; en ti Daniel, no teu recordo perdurante queremos honrar a Galiza

Extracto das palabras pronunciadas por Sebastián Risco ao pé da sepultura de Castelao no cemiterio de Chacarita, o Día da Patria Galega do ano 1961

A temática da maioría destes debuxos, a excepción dun retrato de Joaquín Martínez, céntrase nos problemas da Galiza campesiña, mariñeira, as crenzas, os costumes, a emigración e a inxustiza social. Algúns destes deseños foron expostos na Exposición do Círculo de Artesáns da Coruña no ano 1922, e posteriormente recollidos en álbums ou libros, coma «O Leñador», no *Álbum Nós*, «A ponte», «Cego pedindo», «Manter un animal para comelo», «O aparello dos Apóstolos», «Esta fiestra non é un ollo da cara», «parolando» e «Manter un animal para comelo», en *Cousas da vida*; «Viaxando», no diario *Galicia* e outros son ilustracións de obras literarias da propia autoría de Castelao coma o gravado «Un ollo de vidro», ilustración da portada da obra literaria do mesmo nome publicada en 1922.

O mesmo ocorre coas paisaxes de piñeiros e o do Mosteiro de Aciveiro, que Castelao reutiliza en varias ocasións introducindo lixeiras modificacións.

As obras da colección do Museo Provincial aproximámonos ao xeito de debuxar de Castelao, a o seu proceso de preparación e creación das figuras e as escenas. Están executadas en pequeno formato, sobre papel ou cartón que o autor utiliza en ocasións por ambas as caras. O lapis, a tinta e a acuarela permítenlle facer bosquejos e estudos de figuras, mesmo de xestos, que amosan a súa destreza na rotundidade e síntese dos trazos faciais dos personaxes. Nalgunha obra pódese apreciar ben o trazo fino, apenas marcado, baixo o trazo firme do debuxo definitivo. No caso dos óleos prevalece o concepto de ilustración por riba do pictórico e complementan a obra gráfica de Castelao.

Toda a colección que amosamos nestas salas é froito dunha doazón feita polo benfeitor do Museo Álvaro Gil Varela, o 18 de decembro de 1965.

María Quiroga Figueroa

Departamento de Belas Artes do Museo Provincial de Lugo